

# CONVERSA AO REDOR DA OBRA DE ANTÓN LAMAZARES

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

2 maio 2024

Auditorio do CGAC

Entrada libre e gratuíta ata que se complete a capacidade da sala  
Hora: 18:30 h

Unha visión ampla e comprensiva da obra de Antón Lamazares a través da súa produción artística e do seu periplo vital. Unha viaxe no tempo a través das obras resultantes do traballo e da entrega ao singular exercicio de querer mostrar.

Con esta conversa, pretendemos achegarnos á obra de Antón Lamazares co propósito de revisar cincuenta anos de traballo, dedicación, investigación e estudo. Aproveitando a oportunidade que nos brinda a súa exposición no CGAC, reflexionaremos acerca da obra dun dos artistas máis singulares do contexto artístico galego e español, cuxa relación co mundo foi unha constante ao longo da súa carreira.

Abordar o estudo de cincuenta anos de traballo a partir dunha selección baseada nos núcleos/series de obras producidas no transcurso destes anos. Poder revisitar e redescubrir, volver ao principio, volver iluminar e facer resplandecer o propósito que animou o momento primeiro. As capas do tempo únense ás obras e explícanas, o que nos permite unha observación renovada que, pola súa vez, fai posible unha apreciación depurada da obra.

Esta conversación proxéctase como o complemento dunha exposición que reforza e actualiza a obra singular de Antón Lamazares.

ANTÓNIO GONÇALVES (Vila Nova de Famalição, Portugal, 1975) É licenciado en Artes Plásticas na especialidade de Pintura pola Facultade de Belas Artes da Universidade do Porto. Asistiu a clases na Facultade de Belas Artes de Cuenca no marco do proxecto Erasmus durante o curso académico 1998/1999. Doutorouse en Historia da Arte pola Universitat de les Illes Balears en Palma de Mallorca.

Desenvolveu a súa actividade como pintor e comisario e, na actualidade, dirixe o Museu Nogueira da Silva, dependente da Universidade do Minho, en Braga. É, ademais, director da Casa-Museo de Monção, adscrita a esa mesma universidade, e comisario da galería Ala da Frente, en Vila Nova de Famalição. É profesor convidado na Facultade de Belas Artes do Porto.

XOSÉ LUÍS GARCÍA CANIDO (Vigo, Pontevedra, 1967) Xornalista e licenciado en Filoloxía Hispánica, García Canido desenvolveu a súa traxectoria profesional ao redor de dous eixes:



Una visión amplia y comprensiva de la obra de Antón Lamazares a través de su producción artística y de su periplo vital. Un viaje en el tiempo a través de las obras resultantes del trabajo y la entrega al singular ejercicio de querer mostrar.

Con esta conversación, pretendemos acercarnos a la obra de Antón Lamazares con el propósito de revisar cincuenta años de trabajo, dedicación, investigación y estudio. Aprovechando la oportunidad que nos brinda su exposición en el CGAC, reflexionaremos acerca de la obra de uno de los artistas más singulares del contexto artístico gallego y español, cuya relación con el mundo ha sido una constante a lo largo de su carrera.

Abordar el estudio de cincuenta años de trabajo a partir de una selección basada en los núcleos/series de obras producidas en el transcurso de estos años. Poder revisitar y redescubrir, volver al principio, volver a iluminar y hacer resplandecer el propósito que animó el momento primero. Las capas del tiempo se unen a las obras y las explican, permitiéndonos una observación renovada que, a su vez, hace posible una apreciación depurada de la obra.

Esta conversación se plantea como complemento de una exposición que refuerza y actualiza la obra singular de Antón Lamazares.

ANTÓNIO GONÇALVES (Vila Nova de Famalição, Portugal, 1975) Licenciado en Artes Plásticas en la especialidad de Pintura por la Facultad de Bellas Artes de la Universidad de Oporto. Asistió a clase en la Facultad de Bellas Artes de Cuenca en el marco del Proyecto Erasmus durante el curso académico 1998/1999. Se doctoró en Historia del Arte por la Universitat de les Illes Balears en Palma de Mallorca.

Ha desarrollado su actividad como pintor y comisario, y en la actualidad dirige el Museu Nogueira da Silva, dependiente de la Universidade do Minho, en Braga. Es, además, director de la Casa-Museo de Monção, adscrita a esa misma universidad, y comisario de la galería Ala da Frente en Vila Nova de Famalição. Es profesor invitado en la Facultad de Bellas Artes de Oporto.

XOSÉ LUÍS GARCÍA CANIDO (Vigo, Pontevedra, 1967) Periodista y licenciado en Filología Hispánica, García Canido ha desarrollado su trayectoria profesional en torno a dos ejes:

a comunicación e a xestión cultural. Impartiu clases en programas de mestrado e conferencias sobre Comunicación e Xestión Cultural en universidades como a Carlos III, Menéndez Pelayo (UIMP), Rey Juan Carlos I, Granada, Barcelona, Complutense de Madrid, Nova York etc.

Foi comisario ou coordinador de máis de cincocentas exposicións; entre elas, *Detrás do espello* (Museo Gaiás), *La odisea americana, 1945-1980* (CUNY, Círculo de Belas Artes, Madrid; Centro de Arte Contemporánea de Salamanca); *Egiptología española* (Museo Nacional do Cairo); *Arte español 1957-2007* (Palazzo Sant'Elia, Palermo), e de artistas ou escritores como José Lezama Lima, Wifredo Lam ou Menchu Lamas.

BERNARDO PINTO DE ALMEIDA (Peso da Régua, Portugal, 1954) Catedrático de Teoría e Historia da Arte da Facultade de Belas Artes da Universidade do Porto e membro entre 1990 e 1996 da Comisión de Compras da Fundación de Serralves, organizou a colección de arte portuguesa contemporánea do MEIAC. Foi director artístico da Fundación Cupertino de Miranda, onde fundou o Centro de Estudos do Surrealismo e organizou exposicións. Actualmente, é director artístico do Centro Júlio/Saul Dias en Vila do Conde.

Como comisario independente, é responsable de máis dun centenar de exposicións en diversos museos e institucións portuguesas e españolas. Escribiu máis de cincocentos textos para catálogos tanto en Portugal como fóra do seu país. Colaborou en revistas especializadas como *Lápiz*, *Arte y Parte*, *Artforum* ou *Contemporanea*, entre outras.

Más información sobre a exposición en [www.cgac.xunta.gal](http://www.cgac.xunta.gal).

COORDINACIÓN: Gema Baños

la comunicación y la gestión cultural. Ha impartido clases en programas de máster y conferencias sobre Comunicación y Gestión Cultural en universidades como la Carlos III, Menéndez Pelayo (UIMP), Rey Juan Carlos I, Granada, Barcelona, Complutense de Madrid, Nueva York, etc.

Ha comisariado o coordinado máis de quinientas exposiciónes. Entre ellas, *Detrás do espello* (Museo Gaiás), *La odisea americana, 1945-1980* (CUNY, Círculo de Bellas Artes, Madrid; Centro de Arte Contemporáneo de Salamanca); *Egiptología española* (Museo Nacional de El Cairo); *Arte español 1957-2007* (Palazzo Sant'Elia, Palermo); y de artistas o escritores como José Lezama Lima, Wifredo Lam o Menchu Lamas.

BERNARDO PINTO DE ALMEIDA (Peso da Régua, Portugal, 1954) Catedrático de Teoría e Historia del Arte de la Facultad de Bellas Artes de la Universidade de Oporto y miembro entre 1990 y 1996 de la Comisión de Compras de la Fundación de Serralves, organizó la colección de arte portugués contemporáneo del MEIAC. Fue director artístico de la Fundación Cupertino de Miranda donde fundó el Centro de Estudios del Surrealismo y organizó exposiciones. Actualmente, es director artístico del Centro Júlio/Saul Dias en Vila do Conde.

Como comisario independiente, es responsable de más de un centenar de exposiciones en diversos museos e instituciones portuguesas y españolas. Ha escrito más de quinientos textos para catálogos tanto en Portugal como fuera de su país. Ha colaborado en revistas especializadas como *Lápiz*, *Arte y Parte*, *Artforum* o *Contemporanea*, entre otras.

Más información sobre la exposición en [www.cgac.xunta.gal](http://www.cgac.xunta.gal).

COORDINACIÓN: Gema Baños

CGAC

CENTRO GALEGO  
DE ARTE  
CONTEMPORÁNEA



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2  
15703, Santiago de Compostela  
Tel.: 981 546 602/31

[cgac.educacion@xunta.gal](mailto:cgac.educacion@xunta.gal) / [www.cgac.xunta.gal](http://www.cgac.xunta.gal)